



*Cuarto.*—Rematado o prazo para a execución ordenada na presente resolución, requirírase informe de comprobación da policía local do cumprimento efectivo da mesma.

*Quinto.*—Notifíquese o presente o interesado, conforme ó establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e procedemento Administrativo Común, reformada ca Lei 4/99, de 13 de xaneiro, ós efectos oportunos.”

*RECURSO:* Advírteselle que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poderá Vde. interpoñer, de conformidade co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo de UN MES a contar a partir do seguinte ó da publicación da presente notificación, ou directamente Recurso Contencioso-Administrativo ante o órgano competente da xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade cos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, no prazo de DOUS MESES contados dende o seguinte ó da publicación da presente notificación.

22 de novembro de 2007.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey.

**2014001389**

\* \* \*

## **O GROVE**

### **E D I C T O**

Para cumprir co establecido no artigo 44.2 do Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, faise pública a seguinte:

#### *RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

O Grove 18 de decembro de 2013

De conformidade co establecido no artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoño que o día 30 de decembro de 2013 me substitúa no exercicio das facultades propias da alcaldía o terceiro tenente de alcalde, Juan Luís Callón Cameán, por ausencia miña e da primeira e o segundo tenentes de alcalde,

O Grove, 18/12/2013.—O Alcalde, Miguel Angel Pérez García.

**2014001390**

\* \* \*

## **O ROSAL**

### **E D I C T O**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 25/01/14, acordou a aprobación provisional de unha nova modificación da ordenanza fiscal que se relaciona:

— Modificación da Ordenanza Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello do Rosal.

En cumprimento do disposto polo artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ó público o expediente, no Taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de trinta días hábiles, a efectos de exame e reclamacións.

De non formularse estas, entenderase automaticamente elevado a definitivo dito acordo de aprobación inicial, en virtude do disposto polo artigo 17 do referido Texto Refundido.

No Rosal, 25 de xaneiro de 2014.—O Alcalde, Jesús M<sup>a</sup> Fernández Portela.

**2014001391**